

“POLO RÍO ABAIXO HAI...”

Co son da auga e co son dun alalá, comezamos esta viaxe fluvial polo val do Caselas.

O Caselas é o río que dá nome ao noso concello. Un río pequeno que nace na parroquia de A Picoña e que conflúe, finalmente, co río Tea, en Salvaterra.

Á beira deste río , rehabilitados nos últimos anos, hai un conxunto de varios muíños que hoxe imos percorrer.

Así que, co rumor da auga, e indo polo río abaixo entre a vexetación da ribeira, iremos escoitando as historias que reviven dentro destes muíños.

Estas construcións, feitas en pedra, era onde se moía o gran para facer a fariña coa que logo se facía o pan e que formaba parte da vida cotiá dos veciños e veciñas. Era unha forma de desenvolvemento económico da zona.

Pero, ademais de moer, nos muíños tamén se cantaba, bailaba e contaba...

Era un lugar de traballo pero tamén de divertimento onde longas noites e días a xente convivía e socializaba.

Ao pouco de iniciar a senda , atopámonos co muíño das Covas, un dos máis coñecidos na zona.

Ó cruzar a porta, o muiño está en funcionamento e entón prodúcese a maxia....

ALGUÉN CANTA!!!

(Audio foliada. Recollida na parroquia Soutelo, Salceda de Caselas. Informante de 88 anos de idade. Ano 2003. Arquivo IES Pedras Rubias)

“miña nai e máis a túa,

teñen un barullo armado

pola culpa da ghaliña,

hai ter amores co ghalo”

Continuando, entre salgueiros e amieiros, encontramos o muíño máis grande da senda, o muíño da Laxe. Tamén se coñece como o “ muíño dos Cregos”, xa que foi propiedade de dous irmáns curas deste barrio.Hoxe en día é un centro de interpretación que se pode visitar.

Ao entrar.....VOLVE PASAR!!

(Audio muiñeira - Recollida na parroquia de Sta. María, barrio de A Feria, Salceda de Caselas. Informante de 70 anos. Ano 2003. Arquivo IES Pedras Rubias)

“Unha noite no muíño,
unha noite non é nada
unha semaniña enteira
esa si que é muiñada”

Proseguimos o camiño e facemos a 3ª parada no muíño de Marcial ou muíño dos Fondóns, xa na parroquia de S.Xurxo. O son da moa , o son da auga, conversan entre si, e con quen queiran escoitalos.

Durante o camiño o silencio é fundamental para non asustar ás aves que aniñan nesta paraxe. E así conseguiredes ver algunha parella de lavancos, escoitar o croar dalgunha ra, ou oír o chiar dalgún ferreiriño.

Última parada ,antes de regresar, no muíño de Figueiras onde resoa esta muiñeira...

Apetéceche bailar?

(Audio muiñeira. Cantiga recollida na parroquia de Parderrubias, Salceda de Caselas. Informante de 82 anos. Ano 2003. Arquivo IES Pedras Rubias)

Antes d´onte era un neno

hoxe xa son aneano

recordaivos meus amigos

como o tempo vai andando...”

No camiño de volta, os muíños seguen moendo, en cada canto que cada quen leve na súa memoria.

E se ao rematar , alguén queda con ganas de máis, pode continuar coa senda do río Landres, un afluente do Caselas, no que un lavadoiro e seis muíños conforman este conxunto etnográfico de..... ¡Salceda de Caselas!

Convidados estades a vir facer a senda do muíños. Podedes camiñar sen máis; ou tamén podedes cantar. E bailar. Non volo vai quitar ninguén. Os muíños e o río poñen a música. Sempre están a poñer a música!!!

Cando vés?